diacrítica
Revista do Centro de Estudos Humanísticos

Vol. 39, n.º 2, 2025, pp. 110–143. doi: 10.21814/diacritica.6284

# Noticias da homenaxe a Rosalía de Castro no Porto (1954)

## News of the tribute to Rosalía de Castro in Porto (1954)

Olivia Novoa Fernández[1]
0000-0002-2682-1195

[1] Centro de Investigação em Artes e Comunicação, Faculdade de Ciências Humanas e Sociais, Universidade do Algarve, Portugal.

Autor correspondente: onfernadez@ualg.pt

**Resumen.** Transcorridos 70 anos, a escultura de Rosalía resiste como lugar de memoria nun entorno que hoxe dista de ser o *locus amoenus* descrito nos discursos do acto inaugural celebrado en 1954 na Praza da Galiza. A perennidade da pedra, en granito rosa, parece simbolizar, alén dunha paisaxe compartida polo noroeste peninsular, a fortaleza dos lazos que unen o Norte de Portugal e Galicia. Un vínculo, moitas veces vencellado ao ámbito cultural, ao lingüístico e ao literario, mais tamén ao político e as súas consecuentes instrumentalizacións. Este texto propón un ollar ao pasado a través das noticias da inauguración do monumento publicadas nos principais xornais galegos e nos portugueses *Jornal de Notícias* e *O Comércio do Porto*. Seguindo algúns parámetros da análise de contido, comparouse a importancia e relevancia dada ao acontecemento nun total de 18 noticias. Esta primeira abordaxe complementouse aínda co estudo do discurso en relación co contexto político a fin de investigar a proxección da imaxe da poeta e o adoutrinamento da fraternidade peninsular.

*Palabras-clave:* Rosalía de Castro. Prensa escrita. Monumento. Lugar de memoria. *Literacia* mediática.

**Abstract.** After 70 years, Rosalía's sculpture resists as a place of memory in an environment that is now far from being the *locus amoenus* described in the speeches of the inaugural event held in 1954 in Galiza square. The perennity of the stone, in pink granite, seems to symbolize, beyond a shared landscape in the northwest of the peninsula, the fortress of the ties linking the North of Portugal and Galicia. A connection often related to culture, linguistics and literature, but also to politics and consequent instrumentalizations. This text proposes a look into the past through the news of the inauguration of the monument published in the main Galician newspapers and in the Portuguese *Jornal de Notícias* and *O Comércio do Porto*. Following several parameters of content analysis, the importance and relevance given to the event was compared in a total of 18 news articles. This first approach was further complemented by the study of discourse in relation to the political context, specifically the projection of the poet's image and the indoctrination of the peninsular fraternity.

*Keywords:* Rosalía de Castro. Newspapers. Monument. Place of memory. Media literacy.

## 1. Introdución

Transcorridos 70 anos, a escultura de Rosalía preside a Praza da Galiza nun entorno que hoxe está lonxe de ser o *locus amoenus* descrito nos discursos e textos proferidos co gallo da súa inauguración en 1954 na cidade do Porto. O bulicio do tráfico mestúrase co das obras e o guindastre que pende sobre a súa cabeza presaxia unha transformación crucial do espazo urbano que a acolle: están construíndo a nova estación de metro que se chamará Galiza (vd. Figura 1). O artista Barata Feyo escolleu inmortalizar á poeta coa vestimenta dunha deusa e ollando pensativa ao horizonte. Inspirados pola obra, poderíamos mirar cara ao futuro e talvez imaxinar un transeúnte topándose coa mole de granito de camiño ao metro, transitando distraído dun lugar de memoria a un non-lugar, e así cuestionar se recoñecerá a esta Rosalía gravada en pedra sen o apelido fidalgo.

Porén, o estudo que aquí se presenta propón unha mirada ao pasado mediada polas noticias daquel acontecemento que nun día morriñento de agosto reuniu a Gala Murguía e outras personalidades galegas e portuguesas na homenaxe que o Norte de Portugal quixo brindar a Galiza. E mesmo se Rosalía nunca viaxou por terras lusas, si o fixeron os seus versos, tal como relatan varios estudos (Angueira, 2024; López e Pociña, 2018; Rodríguez Baptista, 1994; Torres Feijó, 2013; Vázquez Cuesta, 1986). Nesa liña, este traballo pretende contribuír ao estudo da presenza rosaliana en Portugal, aínda que non o fai desde o punto de vista da recepción literaria da súa obra, senón documentando a repercusión mediática daquel acto, coa perspectiva dese irmán de letras que é o xornalismo.

**Figura 1.** A estatua de Rosalía na praza da Galiza no Porto.



**Fonte:** Fotografía de 27 de decembro de 2024.

## 2. Documentos sobre a homenaxe a Rosalía de Castro no Porto

O proxecto da homenaxe a Rosalía de Castro demorou case 20 anos até ser finalizado, se se ten en conta a primeira referencia coñecida á intención de dedicar un espazo a Galiza na cidade. Abreu (1999, p. 197) menciona unha proposta de 1934 do concelleiro e enxeñeiro Homem de Melo, que pretendía a colocación dunha placa na praza da Galiza, espazo que se estaba proxectando e construíndo e cuxa denominación sería aprobada dous anos despois, no día 28 de xuño[1] (Câmara Municipal do Porto, 1955, p. 5). Nunha documentación con data de 1944, que inclúe un intercambio de correspondencia entre o Orfeão Universitário e a Câmara Municipal do Porto, menciónanse unha futura visita a Galiza e a intención do presidente da Câmara, Luís de Pina[2], de realizar unha homenaxe[3]. O oficio administrativo vai acompañado dun primeiro proxecto bastante sinxelo, composto por unha glorieta, uns loureiros e un monumento cunha vieira, da autoría do pintor e poeta José Luis Brandão de Carvalho. No entanto, a obra foi posteriormente encomendada a Salvador Barata Feyo (1899–1990).

Profesor na Escola de Belas Artes do Porto, este escultor foi un dos máis destacados na produción de obras públicas de exaltación nacional e na representación de figuras literarias como Antero de Quental ou Almeida Garrett, entre outros (Abreu, 1999; Henriques da Silva et al., 2022; Novoa Fernández & Botana Vilar, 2024; Vieira et al., 2012). O contrato para a realización da obra foi asinado a 27 de xaneiro de 1950, época en que Lucínio Presa[4] era o alcalde do Porto (Câmara Municipal do Porto, 1955, pp. 5–6). Dez días antes da celebración oficial do contrato, o xornal *Faro de Vigo* publicaba un anteproxecto, onde xa se aprecia o que sería o resultado final (vd. Figura 2). Na breve noticia, exprésase o desexo de celebrar un acto oficial coa presenza de autoridades galegas e portuguesas (El monumento a Rosalía de Castro en Oporto, 1950)

[1]Anteprojeto da Rua Júlio Dinis entre as ruas Triunfo e Saudade. *Documento/Processo, 1933/01/19 – 1945*. Arquivo Municipal do Porto. https://gisaweb.cm-porto.pt/units-of-description/documents/23462/?q=pra%C3%A7a+da+galiza

[2] Médico, profesor universitario e político. Foi alcalde do Porto entre 1942 e 1949.

[3] Monumento a Rosalia de Castro. Documento/Processo, 1946/02/11–1954/02/08. Arquivo Municipal do Porto. https://gisaweb.cm-porto.pt/units-of-description/documents/502279/?q=rosalia

[4] Militar e alcalde do Porto entre 1949 e 1953.

**Figura 2.** Anteproxecto publicado en *Faro de Vigo*

EL MONUMENTO A ROSALIA DE CASTRO EN OPORTO



**Hace ya tiempo que FARO DE VIGO dió cuenta a sus lectores del acuerdo de la Cámara Municipal de Oporto de erigir un monumento a nuestra inmortal Rosalía de Castro en la Plaza de Galicia de aquella bellísima ciudad.**

**Publicamos ahora el anteproyecto del monumento, que es una nueva prueba de los íntimos lazos de afecto que unen a Galicia con el vecino país. Y aprovechamos esta oportunidad para expresar nuestro deseo de que la colocación de su primera piedra constituyese un acto de rotunda expresión de aquel afecto galaico-portugués, mediante la presencia en el mismo de las más altas autoridades representativas de nuestra región.**

**Fonte:** Faro de Vigo. Reprodución autorizada só para este fin.

Tres días despois, Amândio Tavares[5], reitor da Universidade do Porto, fala á prensa compostelá da homenaxe:

> – ¿Qué puede decirnos del proyecto que hay en Oporto, de rendir homenaje a la poetisa Rosalía de Castro?
>
> – Es una feliz iniciativa del Ayuntamiento de Oporto, y en octubre, en la Plaza de Galicia, será descubierto un regio monumento que perpetuará el homenaje del pueblo portugués a la gran lírica de Galicia.
>
> Y tengo entendido que serán invitadas las autoridades de Galicia, sin faltar la Universidad y el Ayuntamiento de esta nobilísima ciudad. (Rey Alvite, 1950)

[5] Foi profesor de Medicina e reitor da Universidade do Porto (1945–1961), alén de ser un dos impulsores das relacións culturais e académicas con Galiza. O motivo da visita a Compostela foi asistir ao acto de investidura como doutor *honoris causa* de Gustavo Cordeiro Ramos. Este filólogo, xermanófilo e profesor universitario, era ministro de Instrução Pública no momento de creación do Instituto de Estudos Portugueses da Universidade de Santiago de Compostela, e posteriormente foi membro de honra da RAG desde 1950 ata 1974 (Reis Torgal, 2017; Soeiro, 2021)

Nun momento de intensidade política para o réxime franquista, xa que se estaba a discutir a "cuestión española" e a admisión na ONU, que finalmente sería efectiva en novembro dese ano, interesaba afianzar as relacións culturais e institucionais con Portugal, valedor do franquismo ante a organización internacional. En consonancia coa conxuntura política, *El Correo Gallego* destaca nos titulares as declaracións do reitor sobre o asunto (vd. Figura 3).

**Figura 3.** Portada de 20 de xaneiro de 1950 de *El Correo Gallego*


EL CORREO GALLEGO

Núm. 24.265 | Viernes 20 de enero de 1950 | 80 cts.

Wáshington ha habla

"Yo he suplantado a Dios -dice el Dr. Sander- por compasión y humanidad"

"A Dios nadie le sustituye" dice la voz de la justicia

ESTADOS UNIDOS dispuestos a votar una resolución FAVORABLE al restablecimiento de relaciones con ESPAÑA

El profesor Cordeiro Ramos, Doctor "Honoris Causa" de la Universidad Compostelana

Creo que la Asamblea de las Naciones Unidas revocará el acuerdo de 1946 contra España

Tiene que ser así, para que España aporte al mundo su obra benefactora

Unas manifestaciones del ilustre Rector de la Universidad de Oporto, Dr. Tavares

11.220.525 toneladas de carga transportó la Marina mercante española, el año 1949

Entierro de las víctimas del accidente de aviación ocurrido en la provincia de Albacete

Presidió el Ministro del Aire, general González Gallarza

Los dieciséis féretros fueron llevados a hombros de compañeros de Armas de las víctimas

De Gasperi trata de vencer dificultades para la formación de Gobierno

Oferta de trigo australiano, para España

Asciende a 100 mil toneladas

Acuerdo para designar vicepresidente de la República chilena durante la ausencia de González Videla

Diplomático fallecido

**Fonte:** Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia. CC BY-NC-ND 4.0.

Transcorrido máis dun ano desde o acto en Compostela, o xornal compostelán publica na portada a seguinte breve nova da axencia EFE, na que se describe como será a escultura:

> Por iniciativa de la Cámara Municipal de Oporto, va a ser levantado en dicha ciudad portuguesa un monumento a la poetisa gallega Rosalía de Castro. El monumento será erigido en la Plaza de Galicia, en el centro de un jardín que ha sido proyectado por el pintor José Luis Brandón. El autor de la escultura es el profesor de Bellas Artes de Oporto, Barata Feyo, quien realizará su obra en granito.
>
> Esta mañana visitaron el estudio del escultor el presidente de la Cámara Municipal, coronel Lucinio Preza, acompañado de los miembros del Concejo. La maqueta que Barata Feyo ha mostrado a los visitantes representa a la ilustre poetisa vestida con una túnica y en una actitud reflexiva. — Efe. (Un monumento a Rosalía de Castro, en Oporto, 1951, p. 1)

*Faro de Vigo* tamén reproduce a mesma nota na contraportada (Un monumento a Rosalía de Castro va a ser erigido en la plaza de Galicia, de Oporto, 1951, p. 6).

Nese mesmo mes, Enrique Otero Aenlle[6] visita O Porto durante tres días e leva unha mensaxe encomiástica do Patronato[7], cargada de loanzas a Portugal, e na que se inscribe a poeta no tópico da saudade. A noticia recolle a intención de consolidar as relacións institucionais coa universidade portuguesa e informa da previsión de inaugurar o monumento en 1952:

> Un mensaje le había sido encargado a nuestro Alcalde para el Alcalde de Oporto, por el Patronato Rosalía de Castro, agradeciendo a aquella ciudad el proyecto de erigir una estatua a Rosalía, mensaje que entregó en propia mano. El monumento, magnífico, según nos comunica nuestro entrevistado será inaugurado el año próximo y el proyecto es solicitar la asistencia de autoridades gallegas y representantes de nuestra intelectualidad. Con motivo de la entrega de este mensaje, entre ambos alcaldes, se cambiaron frases de afecto y saludo para las respectivas ciudades. Con este motivo, el señor Otero propuso al Alcalde y al Rector, la creación de una delegación del Patronato Rosalía de Castro, idea que fué muy bien aceptada, enfocándose la posibilidad de integrar esta delegación, en el Instituto Superior de Estudios Humanísticos que funciona en Oporto, bajo el patrocinio de la Universidad y de la Cámara Municipal. E igualmente se pensó en la posibilidad de que ocupen la presidencia el Alcalde y Rector de la Universidad de Oporto así como algunos gallegos residentes en dicha ciudad. (Relieve de la estancia en Portugal del Sr. Otero Aenlle, 1951, p. 2)

A finais de 1953, *Faro de Vigo* anuncia que a estatua está finalizada e que pronto será presentada publicamente:

> Según noticias llegadas hasta nosotros, en la última reunión de la Cámara Municipal de Oporto, en Portugal, y por iniciativa y a propuesta del doctor don Luis de Pina, se tomó el acuerdo de llevar a efecto el tributo de un homenaje que perpetúe

[6] Profesor de Farmacia, político e investigador. Foi alcalde de Santiago de Compostela entre 1949 e 1977.
[7] Esta mensaxe é reproducida no libro *Homenagem a Rosalía de Castro* (Câmara Municipal do Porto, 1955).

> la memoria en aquella ciudad lusitana de la gran poetisa gallega Rosalía de Castro en la Plaza de Galicia. …
>
> La obra de Barata Feyo podríamos definirla como "un trabajo a gusto de nuestro tiempo, inspirado en una tradición clásica".
>
> La estatua de la gran poetisa, que aparece suavemente reclinada, está impregnada de una dulce melancolía del mirar y del alma de Rosalía de Castro y que tiene maravilloso reflejo en todos sus versos.
>
> La obra en barro del profesor Barata Feyo fué pasada a granito por el maestro José Raimundo, de Pero Piñeiro, quien finalizó su trabajo en la pasada semana.
>
> Con este motivo reina extraordinario alborozo en los círculos intelectuales y artísticos portuenses, en donde se congratulan de poder admirar el descubrimiento del monumento a Rosalía de Castro, como justo homenaje a la insigne cantora del paisaje y de los sentimientos de Galicia. (El monumento a Rosalía de Castro en Oporto va a ser descubierto en la plaza de Galicia, 1953, p. 6)

Con todo, a inauguración tivo lugar o 3 de agosto de 1954, data na que finalmente se celebraron as conmemoracións. Gala Murguía asistiu á cerimonia e foron convidados persoeiros e intelectuais de ambos países. Os actos conmemorativos ocuparon dous días. Ademais do acto oficial de descuberta da obra, no primeiro día celebrouse un serán literario e artístico na Biblioteca da cidade, onde Eugenio Montes proferiu unha conferencia e a portuguesa D. Maria Manuela Couto Viana recitou versos de *Cantares Gallegos.* A orquestra de cámara do Conservatorio do Porto ofreceu un concerto e houbo unha exposición de libros galegos e portugueses. O día seguinte incluíu un paseo pola cidade e un banquete de gala ofrecido pola Cámara Municipal[8]. Todos estes actos, xunto con fotografías, cartas e discursos, foron recollidos nun libro conmemorativo publicado pola Câmara Municipal do Porto (1955). Entre outros documentos, a publicación reproduce dúas cartas de Gala Murguía e un autógrafo de Rosalía, obsequiado por ela en agradecemento.

Ademais da cobertura da prensa, *Imagens de Portugal* (1953–1970), o noticiario cinematográfico oficial producido por iniciativa do Secretariado Nacional da Informação, incluíu unha noticia no número 39 con imaxes da cerimonia de inauguración[9] (vd. Figura 4, Figura 5 e Figura 6) (Novoa Fernández, 2019; Novoa Fernández & Botana Vilar, 2024).

[8] Entre outros documentos, no Arquivo da Câmara Municipal do Porto pódense consultar fotografías dos diversos actos, incluído o menú. https://gisaweb.cm-porto.pt/units-of-description/?order_by=TITLE&q=Rosal%C3%ADa+de+Castro

[9] Este noticiario está dispoñíbel na Cinemateca Digital de Portugal: http://www.cinemateca.pt/Cinemateca-Digital/Ficha.aspx?obraid=3646&type=Video

**Figura 4.** Enrique Otero Aenlle, José Machado Vaz, Gala Murguía Castro e João Brito e Cunha no momento da descuberta do monumento o 3 de agosto de 1954




**Fonte:** Col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.

**Figura 5.** A estatua de Rosalía na inauguración o 3 de agosto de 1954




**Fonte:** Col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.

**Figura 6.** A comitiva dirixíndose a depositar un ramo na estatua




**Fonte:** Col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.

## 3. O estudo da prensa escrita: as noticias da inauguración en 1954

A prensa escrita informa, entretén, afianza os discursos e moldea ideoloxías, entre outras funcións que se amalgaman respondendo á premisa primordial da súa ligazón coa actualidade. Asemade, a súa natureza recorrente e efémera, fronte ao libro, instaurou unha relación cos lectores marcada tamén polo propio carácter tipográfico das publicacións periódicas (Díaz Lage, 2020, pp. 24–29). Estudar a prensa como documento que testemuña o acontecemento, reflectindo os valores culturais, sociais e ideolóxicos nos que se insire, supón afrontar unha serie de problemas de tipo metodolóxico e teórico ancorados na propia esencia do xornalismo.

Tal como sinalan Eiroa e Barranquero (2017, p. 144), os xornais constitúen unha das fontes máis usadas polos historiadores, o que abrangue tamén o estudo dos fenómenos literarios, máxime cando se trata de figuras fundamentais para a literatura dunha nación. Neste sentido, podemos rastrexar as homenaxes á poeta, que emerxen case conformando unha liña dentro dos estudos rosalianos cuxo punto de partida sería o da noticia do seu pasamento, asunto sobre o que se debruzou García Vega (2011). E dese fito xorde a cadea de efemérides e conmemoracións, que nos espazos ligados a Galiza foron construíndo a memoria á volta de Rosalía (Jones, 2021; Pereira Bueno, 2014; Rábade Villar, 2018; Rodríguez Dacal, 2021, entre outros).

Por outro lado, o propio carácter caduco dos xornais condiciona o acceso a estes documentos, polo que o primeiro paso do investigador é garantir a súa dispoñibilidade (Eiroa & Barranquero, 2017, pp. 147–150). Esta primeira fase xera unha relación determinada co obxecto de estudo, considerando que a materialidade dunha hemeroteca física, por un lado, ou a ubicuidade dun arquivo dixital, por outro, inflúen no noso ollar ao pasado (Martins et al., 2021; Sánchez-Biosca, 2015). No primeiro caso, o acceso aos documentos está limitado polas posibilidades de desprazamento ao espazo de consulta, o

tempo dispoñíbel, así como pola intervención do persoal arquiveiro e o estado de conservación dos xornais en papel. Con todo, o acceso aos orixinais constitúe unha experiencia de consulta máis próxima á finalidade primixenia do documento e, talvez, menos fragmentada. En contrapartida, os repositorios en liña ofrecen ferramentas de busca temática nos documentos dixitalizados, que permiten obter un número significativamente maior de resultados, así como a posibilidade de afinar a análise mediante consultas reiteradas ao longo do tempo e desde calquera lugar. Neste caso, foi preciso pescudar en tres lugares de distinta natureza descritos a continuación.

Un primeiro momento consistiu no acceso en novembro de 2022 a algúns xornais en papel na hemeroteca da Biblioteca Pública de Braga instalada no Palacio Episcopal da cidade. Baixo os teitos artesoados da súa bela sala de lectura, levouse a cabo a consulta dos xornais *Correio do Minho*, *O Comércio do Porto* e *Jornal de Notícias*. A procura realizada a partir da data do acontecemento permitiu identificar as noticias da inauguración do monumento en dous dos xornais, das cales se fixeron rexistros fotográficos para a súa posterior análise.

Antes de continuar, cómpre mencionar cal é o estado da cuestión con respecto ao acceso a xornais históricos lusos, bastante precario e disperso tanto no relativo á conservación como no acceso a contidos dixitalizados. Unha reportaxe de xaneiro de 2024 do *Gerador* facía notar a descoidada situación e o destino incerto dos arquivos de varios xornais portugueses extintos como *O Século*, *O Primeiro de Janeiro* ou *O Comércio do Porto* (Craveiro, 2024). O acervo deste último é custodiado polo Arquivo Municipal Sophia Mello Breyner de Vila Nova de Gaia. Por outro lado, existen algunhas iniciativas de dixitalización de publicacións periódicas, tales como as da colección da Hemeroteca Municipal de Lisboa, a da Hemeroteca Digital do Algarve ou a do *Diário de Lisboa*[10] na plataforma Casa Comum da Fundação Mário Soares. Emporiso, moitas destas coleccións aínda non están dispoñíbeis de forma completa en liña e, nalgúns casos, o formato da dixitalización realizada non permite a busca temática nos documentos. Por iso, até o momento, non foron atopadas noticias da inauguración nas coleccións das hemerotecas dixitais portuguesas.

Un segundo momento de consulta levouse a cabo co fin de preparar o panel *Rosalía entre Galiza e Portugal* presentado no XIV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos en abril de 2024 na Universidade do Minho. Revisáronse as fontes dispoñíbeis en Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia. O acceso a estes documentos dixitalizados permitiu unha investigación temática máis ampla recadando varias noticias relacionadas coa homenaxe, alén das publicadas no momento da inauguración. Foron consultados os xornais *El Correo Gallego* , *El Ideal Gallego*, *El Progreso*, *El Pueblo Gallego* e *La Noche*. Esta recolla complementouse coa busca nas hemerotecas dixitais dos diarios *El Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*, cuxo acceso é pago, e mais na hemeroteca do xornal español *ABC*.

Unha vez obtido este corpus, limitouse a mostra ás noticias sobre a inauguración do monumento (n=18), co fin de realizar unha análise comparativa (vd. Táboa 1). Deste

[10] Aínda que o xornal lisboeta non informa sobre inauguración do monumento, no día da inauguración publica un artigo da escritora Natércia Freire dedicado a Rosalía de Castro (Freire, 1954).

modo, descartáronse outras vinculadas ao evento, como as mencionadas anteriormente, que serviran para reconstruír a cronoloxía da preparación da homenaxe, ou as novas que informaban da saída e regreso das personalidades[11] (vd. Figura 7 e Figura 8). Mediante a aplicación de parámetros baseados na análise de contido, determinouse a importancia que os xornais outorgaron ao evento (Andreu Abela, 2002; Eiroa & Barranquero, 2017; Guerson, 1982; Pinilla García, 2010). Consideráronse variables morfolóxicas utilizadas na análise das formas periodísticas, tales como a posición, o uso dos recursos tipográficos, a presenza de fotografías, a reprodución de discursos e a extensión do texto. Estas permiten determinar obxectivamente o nivel de importancia concedido á noticia. A situación na portada, o emprego de titulares de gran tamaño, a publicación de imaxes do acto, unha maior extensión textual ou a reprodución de discursos institucionais sinalan un tratamento informativo máis privilexiado. Ao mesmo tempo, aplicouse un segundo nivel de análise textual e do discurso en relación co contexto, con propósito de observar, por un lado, a proxección da imaxe de Rosalía e, por outro, o encadramento da noticia nas relacións políticas e culturais entrámbolos países, á luz da relevancia atribuída ao acontecemento.

[11] Na noticia de *El Pueblo Gallego* da figura 7 infórmase erroneamente da presenza de Craveiro Lopes.

**Figura 7.** Recorte dunha noticia de *El Pueblo Gallego* na que se menciona o paso de Gala Murguía por Vigo de camiño ao Porto



EL PUEBLO GALLEGO Pág. 8

# Ante el descubrimiento en Oporto de un monumento a Rosalía Castro

## Hoy saldrán de Vigo las autoridades y representaciones españolas, con la hija de la eximia poetisa

Como es sabido, mañana se celebrará en Oporto el acto de descubrimiento de un monumento a Rosalía Castro, al que asistirán autoridades y representaciones de toda Galicia, acompañadas del cónsul de Portugal en Vigo, doctor Rodrígues Miranda, y del vicecónsul señor Homem de Almeida.

Entre las personalidades que gurarán en dicha expedición cultural que hoy saldrá de Vigo, figura la hija de Rosalía Castro, doña Gala Murguia Castro, que cuenta 85 años de edad y llegó ayer a nuestra ciudad, siendo recibida en la estación del ferrocarril por un grupo de intelectuales vigueses, entre los que figuraban los señores Caamaño Burnacelli, González-Alegre Bálgoma y Ferreiro, que le ofrecieron un ramo de flores. Venía la distinguida dama acompañada de los académicos de la Gallega, Elena Quiroga y señor Naya, además del Sr. Marqués de Figueroa, presidente del Patronato "Rosalía Castro". Hará la ofrenda en el acto inaugural de dicho monumento Elena Quiroga, en nombre de los intelectuales galaicos.

El solemne acto a que nos referimos se verá honrado con la presencia del presidente portugués, señor Craveiro Lópes, y des de Galicia se desplazarán el general Ibáñez de Aldecoa, en funciones de capitán general; el jefe del Estado Mayor de la VIII Región; alcaldes de las principales ciudades gallegas—Vigo está representado por su primer teniente de alcalde, señor Durán Gómez—, los gobernadores civiles de La Coruña y Pontevedra, vicepresidente de la Diputación pontevedresa, señor Massó García, y otras destacadas personalidades.

CONSUELO VIDAL FERNANDEZ Y BUSTAMANTE
Enfermedades internas.
INFANCIA
Alfonso XIII, 26 1.º

**Fonte:** Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia. PDM 1.0.

**Figura 8.** Recorte dunha noticia de *El Correo Gallego* sobre o regreso dos alcaldes de Santiago e A Coruña


EL ALCALDE DE LA CORUÑA, EN COMPOSTELA

Estuvo en Santiago el alcalde de La Coruña, don Alfonso Molina Brandao, el cual después de llegar de Oporto donde asistió a los actos de la inauguración del monumento a Rosalía de Castro, acompañó en la visita a la población a los excursionistas del buque Escuela de Guardiamarinas italianos "Américo Vespucio", almorzando con ellos en el Colegio Mayor Universitario del SEU, San Clemente.

El señor Molina Brandao, al igual que el Alcalde de Compostela, señor Otero Aenlle, se muestran muy agradecidos a las autoridades de Oporto y se hacen eco de la vivísima admiración que en Portugal despierta la obra poética de Rosalía de Castro.

En Oporto fueron estrechados más los lazos de confraternidad que unen a los dos países hermanos.

**Fonte:** Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia. CC BY-NC-ND 4.0.

**Táboa 1.** Relación de noticias sobre a inauguración do monumento

| | Xornal | Data | Titular |
|---|---|---|---|
| **1** | *Jornal de Notícias* | 4.8.54 | A inauguração do monumento a Rosalía de Castro — Expressiva homenagem do Porto à insigne poetisa galega. |
| **2** | *O Comércio do Porto* | 4.8.54 | Na praça da Galiza à inauguração do monumento a Rosalia de Castro assistiram a filha da gloriosa poetisa galega e as autoridades de S. Tiago de Compostela, Pontevedra e Vigo. |
| **3** | *Faro de Vigo* | 4.8.54 | El monumento a Rosalía de Castro fue inaugurado con gran solemnidad ayer en Oporto.<br>Presidieron los actos las principales autoridades portuenses y gallegas |
| **4** | *Faro de Vigo* | 5.8.54 | Gran resonancia del brillante acto celebrado en Oporto con motivo de la inauguración del monumento a Rosalía Castro. |
| **5** | *Faro de Vigo* | 6.8.54 | El monumento a Rosalía Castro en Oporto. |
| **6** | *Faro de Vigo* | 7.8.54 | El homenaje de Portugal a Rosalía Castro constituyó un emotivo acto que reafirma la noble amistad hispano-lusa.<br>Elena Quiroga exaltó brillantemente este hecho en un hondo y aleccionador discurso. |
| **7** | *La Voz de Galicia* | 1.8.54 | El monumento a Rosalía de Castro será inaugurado el martes en Oporto.<br>Asistirá la hija de la insigne poetisa. |
| **8** | *La Voz de Galicia* | 5.8.54 | El monumento a Rosalía de Castro ha sido inaugurado en Oporto.<br>Fue descubierto por doña Gala Murguía, hija de la insigne poetisa. |
| **9** | *La Voz de Galicia* | 6.8.54 | Los actos de inauguración en Oporto del monumento a Rosalía de Castro.<br>La delegación española fué objeto de exquisitas atenciones. |
| **10** | *La Voz de Galicia* | 7.8.54 | El monumento a Rosalía de Castro, en Oporto. |
| **11** | *El Correo Gallego* | 5.8.54 | Fue inaugurado en Oporto un monumento a Rosalía de Castro.<br>Con la hija de la insigne poetisa, doña Gala Murguía, presidieron el acto destacadas autoridades de Portugal y Galicia.<br>El Alcalde de Santiago depositó una corona de flores |
| **12** | *La Noche* | 4.8.54 | El Monumento a Rosalía de Castro fué inaugurado ayer. |
| **13** | *La Noche* | 5.8.54 | Detalles de la inauguración del monumento a Rosalía de Castro, en Oporto.<br>Asistieron al acto D.ª Gala Murguía y el Marqués de Figueroa. |
| **14** | *El Ideal Gallego* | 5.8.54 | Monumento a Rosalía Castro en Oporto. |
| **15** | *El Progreso* | 5.8.54 | Homenaje en Oporto a Rosalía de Castro.<br>Fué inaugurado un monumento a la insigne poetisa gallega. |
| **16** | *El Pueblo Gallego* | 5.8.54 | Ayer se descubrió en Oporto un monumento a Rosalía Castro<br>Magnífica jornada de amistad galaico-portuguesa. |
| **17** | *ABC* | 5.8.54 | Inauguración de un monumento a Rosalía de Castro en Oporto. |
| **18** | *ABC Sevilla* | 5.8.54 | Un monumento a Rosalía de Castro en Oporto.<br>Eugenio Montes pronunció una conferencia sobre la poetisa gallega. |

## 4. A cobertura do acontecemento nos xornais portugueses e galegos

### 4. 1. Na primeira plana dos xornais do Norte de Portugal

Fundado en 1888, no Porto, o *Jornal de Notícias* conta cunha importante difusión no país veciño e, desde a súa creación, apostou por contidos nacionais e internacionais atravesando e sobrevivindo varios períodos da historia (Porto Editora, s.d.). Na década dos 50 tivo problemas coa censura e foi considerado un órgano opositor ao réxime salazarista, que exercía un control absoluto dos medios de información similar ao do franquismo. Como é sabido, eses mecanismos represivos desencadearon limitacións do contido crítico, prácticas de autocensura nos profisionais e fenómenos de coerción e adoutrinamento máis ou menos intensos conforme o momento ou as circunstancias que atravesaban as ditaduras (Cabrera, 2022; Pena Rodríguez, 2008; Tengarrinha, 2016).

A noticia do *Jornal de Notícias* encaixa en todos os parámetros e indicadores para medir o nivel de importancia dado ao acontecemento. En primeiro lugar, aparece na portada e na contraportada, posicións privilexiadas para a lectura. En segundo lugar, inclúe varias fotografías: do monumento, do público no serán e da escritora Elena Quiroga (vd. Figura 9 e Figura 10). Ademais, o tamaño dos titulares e a súa disposición destacan a información, que tamén sobresae en termos cuantitativos, pois acada unha extensión de máis de 1600 palabras. Cabe sinalar que gran parte dese contido é dedicado, por un lado, a referir unha longa lista de personalidades que asistiron ao acto, e por outro, a reproducir parte dos discursos proferidos, o que no total ocupa máis da metade do corpo da noticia. Neste caso, son citadas as palabras de Manuel de Figueiredo, concelleiro da Câmara Municipal do Porto, e da escritora Elena Quiroga, convidada en calidade de representante da Dirección General de las Relaciones Culturales de España e da intelectualidade feminina[12]. Fóra isto, o texto caracterízase pola saturación descritiva e laudatoria, resultado dun estilo cargado de adxectivos, epítetos e pleonasmos:

> **A figura da grande poetisa espanhola**, uma das **glórias da Literatura do país vizinho**, moldada em simbólica expressão pelas mãos do Mestre Barata Feio que parecem ter dado vida ao duro granito — **a figura de Rosália de Castro**, que se reflecte nas águas tranquilas de um pequeno lago (pormenor gracioso do monumento), está desde ontem erguida para a consagração pública desta e das gerações futuras, na Praça da Galiza, por feliz iniciativa do município portuense.
>
> O acontecimento inaugural revestiu-se de profunda solenidade, e teve dois aspectos: o da homenagem á memoria da **excelsa poetisa**; e o da *fraternidade luso-espanhola, materializada nos abraços e saudações que se trocaram entre as figuras mais representativas do Porto e da Galiza*. E foram belos e expressivos esses momentos vividos numa atmosfera de invulgar espiritualidade, a que presidiu a recordação, já do domínio da eternidade da **inspirada Mulher** e da sua gloriosa Obra. (A inauguração do monumento a Rosalía de Castro — Expressiva homenagem do Porto à insigne poetisa galega, 1954, p. 1)

[12] O libro conmemorativo publicado pola Câmara Municipal do Porto (1955) reproduce estes discursos.

Na entrada desta noticia resaltamos, en letra grosa, os correferentes léxicos referidos a Rosalía, cuxa función encomiástica é evidente. O acontecemento inscríbese na consigna do adoutrinamento da irmandade, sinalada en cursiva na cita, que é reiterada na mediación e descrición das cerimonias, visitas e actos nos que participaban ambos os países (Novoa Fernández, 2014, 2015, 2019).

**Figura 9.** Portada do *Jornal de Notícias,* 4 de agosto de 1954



O TEMPO

JORNAL DE NOTICIAS

AGOSTO 1954

AS AUTORIDADES PORTUGUESAS estão firmemente decididas a fazer respeitar a integridade dos seus territórios

Impor o direito pela força é totalitarismo FASCISTA OU BOLCHEVISTA

CONSTA QUE FORAM APREENDIDOS MILHARES DE CONTOS que um conhecido comerciante indiano de Lourenço Marques tentava mandar para o estrangeiro

Numerosas tropas indianas estão concentradas nas fronteiras de Damão

REUNIÃO na Catedral de Lourenço Marques

HÁ GREVE no porto de Santos

O XIII CONGRESSO DA UNIÃO INTERNACIONAL do Cinema de Amadores inaugurou-se em Lisboa

7 mortos numa passagem de nível

A célebre escritora COLETTE faleceu com 81 anos

GUERRA ABERTA a Mendès-France perante a sua política em relação à Tunísia

As dramáticas inundações no Paquistão

Uma tragédia no caminho de ferro de Moçâmedes

O «TIMES» acentua o subterfúgio das palavras do Governo Indiano

Um protesto DA LEGAÇÃO DE PORTUGAL em NOVA DELHI

De LISBOA AS FÉRIAS

A INAUGURAÇÃO DO MONUMENTO a Rosalía de Castro —Expressiva homenagem do Porto à insigne poetisa galega

O MINISTRO DAS OBRAS PÚBLICAS parte hoje para a Madeira e Porto Santo onde vai inaugurar diversos melhoramentos

O despedimento dos jornalistas norte-americanos AFECTOS AO COMUNISMO

SANÇÃO EXEMPLAR a um ex-funcionário do fisco americano

**Fonte:** Fotografía do orixinal da Biblioteca Pública de Braga.

**Figura 10.** Recorte da contraportada do *Jornal de Notícias,* 4 de agosto de 1954



TERMINOU A REVOLTA NA CIDADE DE GUATEMALA com a rendição das forças do coronel Castillo Armas

solução do litígio anglo-persa hoje publicada

Os pormenores do acordo sobre o SUEZ

A célebre escritora COLETTE Faleceu com 81 anos

A MOÇÃO DE CENSURA ao senador Mac Carthy não foi por diante

A INAUGURAÇÃO DO MONUMENTO a Rosalía de Castro

Assistência ao Serão da Biblioteca em honra de Rosalía de Castro

Do nobre povo português teria de vir esta homenagem e este reconhecimento

**Fonte:** Fotografía do orixinal da Biblioteca Pública de Braga.

Na noticia de *O Comércio do Porto*, alén da mención á amizade entre os dous países, encontramos unha referencia explícita ás relacións entre Galiza e o Norte, ao mesmo tempo que os epítetos enmarcan á escritora na faceta de cantora da paisaxe galega:

> Rosália de Castro, **a grande poetisa galega**, desde ontem que tem um monumento nesta cidade, um monumento que, verdadeiramente, fica a simbolisar, mais do que tudo, a estreita amizade que *o Norte de Portugal mantém com a Galiza, e é, também, nova afirmação da amizade luso-espanhola.*
>
> O monumento —uma bela escultura da **autora dos "Cantares Galegos"**— inaugurou-se na Praça da Galiza, um recanto ensombrado de arbustos, deliciosamente evocador da Galiza virente, junto de um espelho de água que, de certo modo, reproduz um trecho do rio Minho que **a poetisa de "Follas Novas"** tão bem soube cantar. O acto inaugural efectuou-se pouco depois das 17 horas, na melancolia de uma tarde pardacenta, triste como a saudade de um ausente, e tão tocada de profunda nostalgia como algumas das belas poesias de **Rosália**. (Na praça da Galiza à inauguração do monumento a Rosalía de Castro assistiram a filha da gloriosa poetisa galega e as autoridades de S. Tiago de Compostela, Pontevedra e Vigo, 1954, p. 1)

A noticia, que tamén aparece en portada ilustrada por unha fotografía similar na que se aprecia mellor a Gala, e por outra, da tribuna, continúa no interior do xornal acompañada dunha foto do serán na biblioteca e dun retrato de Eugenio Montes proferindo a conferencia (vd. Figura 11 e Figura 12). Son citados os mesmos discursos, resumindo o do concelleiro portugués e reproducindo literalmente as palabras da escritora española. A extensión tamén é considerable, pois supera as 1200 palabras. En contraste co *Jornal de Notícias*, este era un dos medios oficiosos da ditadura e asumiu un papel de voceiro da rexión do Norte (Porto Editora, s.d.; Tengarrinha, 2016), polo que non estraña o fincapé en describir o espazo aludindo a tópicos e clixés que unen Galiza co Norte de Portugal, sinalados en cursiva na cita. Porén, a mención concreta da obra demostra un coñecemento mellor da figura de Rosalía.

A doutrina da amizade española gaña especial relevancia nun contexto en que o réxime portugués comezaba a esmorecer. A ocupación pola Unión Indiana dos enclaves de Dadrá e Nagar Aveli, acontecida nese mes de agosto, acapara as portadas destacando a pretendida resistencia dos portugueses na India (Os portugueses da India mostram-se dignos sucessores dos heróis do Seiscentos, 1954) (vd. Figura 13). Este feito inicia a decadencia do imperio, que continuaría coa guerra en Angola a partir de 1961 e, neste mesmo ano, coa perda dos restantes territorios na India. Durante eses anos, o salazarismo desenvolveu unha intensa campaña ideolóxica adoutrinando á poboación, en diversos actos propagandísticos e a través da prensa, nos valores do pasado imperialista, procurando a solidariedade dos países amigos, especialmente a de España, pois alén da proximidade xeográfica e ideolóxica, o franquismo debía retribuírlle o apoio dado na Guerra Civil e na admisión na ONU (Tengarrinha, 2016; Tíscar Santiago, 2013). As manifestacións de propaganda tamén sucedían fóra do territorio portugués, nas colonias afincadas en Galicia, como deixa constancia unha noticia publicada en *El Ideal Gallego*, onde se di que foi en Ourense o primeiro acto destas características (Acto patriótico en la casa de la colonia portuguesa, 1954) (vd. Figura 14). Dada a situación, é normal que a inauguración do monumento a Rosalía se revestise de toda pompa e que os xornais lle concedesen notoriedade e relevancia, alén da importancia por cuestións de proximidade cultural (Traquina, 2007).

**Figura 11.** Portada de *O Comércio do Porto,* 4 de agosto de 1954


ANO C—NÚMERO 212

Quarta-feira, 4 de Agosto de 1954

# O Comércio do Porto

1854— ANO CENTENÁRIO—1954

EDIÇÃO DA MANHÃ

## Crónica Militar

A DEFESA DA NOSSA INDIA

Enquanto a informação indiana continua a sua campanha de contradições

## O POVO DE GOA

aguarda serenamente a concretização das ameaças dos mercenários indianos

com a firme disposição de lhes fazer frente

Foi observada **a concentração** de forças armadas indianas na fronteira da India com Damão

Não há ainda notícias de origem PORTUGUESA

Jubileu do chá

Terminou a revolta do Exército

## DA GUATEMALA

contra as «forças da libertação», que serão dissolvidas, mas o coronel Castillo Armas continuará na Presidência

MORREU COLETTE

A CÉLEBRE ESCRITORA FRANCESA

O MINISTRO DAS OBRAS PÚBLICAS

Enquanto os extremistas

da Tunisia

dirigem palavras de cordealidade à França, os terroristas de Marrocos aumentam o ritmo dos atentados

NA PRAÇA DA GALIZA

À INAUGURAÇÃO DO MONUMENTO

A ROSALIA DE CASTRO

assistiram o filho da gloriosa poetisa galega e as autoridades de S. Tiago de Compostela, Pontevedra e Vigo

NUM DESCARRILAMENTO

PRESIDÊNCIA DA REPÚBLICA

PRESIDÊNCIA DO CONSELHO

Segundo as informações de posse da União da Africa do Sul, Nehru utiliza as comunidades

## INDIANAS

instaladas em certos países para prepararem a sua interferência nas questões internas dessas nações

A dificílima missão das hospedeiras de bordo

S. S. S

O XII CONGRESSO INTERNACIONAL

de Cinema de Amadores teve ontem em Lisboa a sua sessão inaugural

**Fonte:** Fotografía do orixinal da Biblioteca Pública de Braga.

**Figura 12.** Páxina catro de *O Comércio do Porto* coa continuación da noticia*,* 4 de agosto de 1954


4 Quarta-feira, 4 de Agosto de 1954

O Comércio do Porto

Diário de Coimbra

Batalha

Às 21,30

A ILHA DA TENTAÇÃO

LINDA DARNELL

A INAUGURAÇÃO DO MONUMENTO A ROSALIA DE CASTRO

ENSINO

TAUROMAQUIA

ÚLTIMAS!

A FIO DE ESP

HISTÓRIA PARIS

O PÓRTICO DA GL

SEXTA-FEIRA

O FIO DA MEA

OIRO DA DISCÓR

CONSCIÊNCIA EM PAZ

Grupos Excursionistas

TRINDADE

A RAINHA DO

CARLOS ALBERTO
